

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 27 de setembro de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2024.
- * Aprobación dunha solicitude de transferencia de crédito.
- * Aprobación do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027.
- * Aprobación do nomeamento das persoas da Universidade de Vigo que compoñen as Comisións de Avaliación da IV convocatoria do programa Docencia.
- * Aprobación dos criterios de avaliación da produción de investigación e transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2024.
- * Aprobación da modificación dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do SUG. Acceso ao curso 2025/2026.
- * Nomeamento en substitución de dous membros da Comisión de Permanencia e Progreso: María Ángeles Cancela Carral polo sector directores/as-decanos/as e Miguel Ángel Piñero Vivas polo sector de estudantado.
- * Foi nomeado representante no Comité de Dirección da EIDO, polo sector estudantes no ámbito Tecnolóxico:
 - Juan José López Escobar (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación – Vigo)

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.